

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Pena da Ucha

A Pena da Ucha está nas Serras do Castelo, entre a parroquia do Burgo do concello de Muras, e a de Lousada do concello de Xermade, ambas da provincia de Lugo.

A Pena da Ucha é cadrada, tan feitiña que parece obra humana, e tiñana chea de ouro os encantos que vivían, se cadra aínda viven, por alí. Unha mañanciña do día de San Xoán os encantos sacaron o ouro a asollar para que non lles balorecese pero viñeron dous homes da Ribeira de Baamonde e roubáronlles o tesouro. Os encantos botaron tras dos homes mais, como non poden pasar por onde haxa auga, tiveron que deixalos cando os fuxitivos cruzaron o Rego das Veigas.

Os encantos, derrotados, dixeron:

Deixádeos,

non lles ha de aproveitar;

un logo morrerá

e o outro coxo

pra vida quedará.

Parece que así foi; un dos homes morreu e o outro quedou coxo mentres vivíu.

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ALUMNOS DA ESCOLA DE COMERCIO DE LUGO, Dempóis da Chaira, Gráficas Bao, Lugo, 1976.